

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 27/02/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/02/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de febreiro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/0641**

Dáse conta do escrito presentado por María Dolores Ramos Cascallar e/n Greenpeace, solicitando autorización para ocupación de vía pública con unha mesa informativa, na rúa Alcalde Rey Daviña á altura do Salón García, o día 22 de abril, en horario de 10:00 a 22:00 horas. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2023/0642**

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadarado García e/n Grupo Político VOX, solicitando autorización para ocupación de vía pública, mesa informativa con carpa na rúa Lomba da Dona nº36 Bamio o día 5 de marzo, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2023/0650**

Dáse conta da proposta do Enxeñeiro Informático para modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 16-01-2023 "Renovación do Servizo de Subscrición das Licencias do Sistema Citrix APP Advanced e Citrix Gateway Advanced VPX.

Onde di:

A adxudicación á empresa OZONA CONSULTING S.L. da renovación do servizo de subscrición de 125 Licencias Citrix Apps Advanced e dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX para o ano 2023, por un importe de 8.641,82€ iva engadido"

Debe dicir:

A adxudicación á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN SL, da renovación do servizo de subscrición de 125 Licencias Citrix Apps Advanced e dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX para o ano 2023, por un importe de 10.660,89€ iva engadido"

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

#### **PRP2023/0672**

Dáse conta da seguinte proposta do Enxeñeiro Informático para adaptación do contrato de telefonía móbil do Concello (voz, datos e primario) ao catálogo actual de servizos da empresa Vodafone España S.A.U:

INFORME:

O catálogo de servizos do Concello dentro da empresa adxudicataria da telefonía móbil (Vodafone) está anticuado respecto ao catálogo actual de servizos da empresa, isto provoca que a empresa non pode atender as necesidades/solicitudes do Concello debido a que a aplicación informática de Vodafone está adaptada ao catálogo actual de servizos.

É necesaria a modificación do catálogo de servizos para que o sistema de comunicacións inalámbrico (voz, datos, primario etc.) siga funcionando. Este sistema é necesario e crítico para o funcionamento da organización municipal. O servizo de Informática pretende levar a cabo unha licitación deste servizo coa maior urxencia posible.

O Concello solicitou a Vodafone o cambio de catálogo e unha mellora das condicións económica e de servizos para os próximos doce meses, de non ser así a empresa procederá ao cambio de

catálogo sen melloras económicas e de servizos para o Concello.

O Concello solicitou as melloras anteriores para un período de doce meses, xa que se pretende realizar unha licitación durante este tempo, e co propósito de conseguir unha mellora económica inmediata.

A empresa presenta unha oferta denominada Vodafone Infinity Business para un ano que consiste no seguinte:

- Un aforro do 20% respecto do gasto actual total do Concello.
- A posta a disposición do Concello dunha cantidade de 9.000 € para reemplazar terminais.
- Aumento do número de minutos de voz respecto da tarifa actual.
- Aumento do número de MB de datos (navegación en internet) respecto da tarifa actual.
- Unha aplicación de xestión de terminais (VSDM), que non existe actualmente.
- Unha aplicación de seguridade (VF Secure Net), que non existe actualmente.
- Servizo postventa de terminais.

A oferta inclúe as seguintes melloras:

Unha bolsa de datos, actualmente se consumen unha media mensual de 138 GB, a empresa oferta una bolsa de 182 GB que o Concello poderá distribuír entre las liñas e dispositivos do Concello.

Cinco terminais con uso ilimitado de datos e voz.

Cinco terminais con uso ilimitado de datos.

Minutos voz zona empresa se incrementa desde 5.500 minutos/mes, media mensual consumida actualmente, a 25.000 minutos/mes.

Minutos de chamadas a outros operadores de (fixo e móbil) se incrementa desde 14.800 minutos/mes, media mensual consumida actualmente, a 34.350 minutos/mes.

Minutos de chamadas especiais, se consumen actualmente unha media mensual de 250 minutos, a empresa oferta 300 minutos/mes.

Minutos de chamadas internacionais, se consume actualmente unha media mensual de 11 minutos, a empresa oferta 28 minutos/mes.

Minutos de Roaming Recibido fora de España, se consumen actualmente unha media mensual de 36 minutos, a empresa oferta 46 minutos/mes.

Minutos de Roaming Realizado fora de España, se consumen actualmente unha media mensual de 40 minutos a empresa oferta 46 minutos/mes.

Mensaxes de SMS realizados, se consumen actualmente una media mensual de 74 mensaxes, la empresa oferta 96 mensaxes.

Todo o anterior ten un custo fixo mensual de 3.160,44 €/mes IVE incluído (2.611,93 €/mes sen IVE), supón un aforro dun 20% respecto ao gasto, esta cantidade poderá sufrir un incremento ou decremento si se producen altas ou baixas de servizos de acordo ao seguinte:

Alta ou baixa dunha liña con voz e datos supón un aumento ou rebaixa de 20 euros mais IVE mensual.

Alta ou baixa dunha liña só con voz supón un aumento ou rebaixa de 4,70m euros mais IVE mensual.

Alta ou baixa dun servizo de datos para unha tablet un aumento ou rebaixa de 12,60 euros mais IVE mensual.

A empresa presenta un desglose por servizos e prezos mensuais.

ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO INVERSIÓN (IVE incluído): 3.160,44 €/mes

CIF/NIF: A-80907397

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: 1 ANO.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- A modificación do contrato que ten o Concello ao catálogo actual de servizos de telefonía móbil (voz, datos e primario) da empresa adxudicataria actualmente (VODAFONE ESPAÑA S.A.U.). Este cambio é obrigatorio para o funcionamento do sistema, Implica unha permanencia dun ano, unha mellora económica do 20% na facturación actual e un aumento de servizos detallados no presente informe (unha bolsa de 9.000 € para substituír terminais, unha aplicación de xestión de terminais (VSDM) e unha aplicación de seguridade para toda a organización). O importe mensual será de 3.160,44 €/mes este importe poderá variar si se producen altas ou baixas de servizos (liñas de voz, datos, primario etc.), total 37.925,28 con cargo á partida 920-22200.
- 2.- Adxudicar á empresa Vodafone España S.A.U. un servizo de soporte da aplicación de xestión de terminais móbiles (VSDM) e un curso de formación de VSDM por un importe de 387,2 € incluído o IVE, con cargo á partida 920-22799.

### **PRP2023/0715**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais para aprobación de gasto para traballos topográficos en rúa Vilar Ponte, Os Duráns:

Na rúa Vilar Ponte, na zona dos Duráns, a rede de saneamento é vella e obsoleta e está dando problemas de desbordamentos cando chove, derivando á rede de pluviais. Esta rede de pluviais atravesa por unha nave particular hacia a rúa Pascual Veiga, e cando se producen os desbordamentos lle provoca problemas de suciedade e cheiros. Para darlle unha solución a este problema precisamos mudar a rede de saneamento da rúa Vilar Ponte, pero tamén comprobar si a rede de augas pluviais se pode derivar hacia a rúa Curros Enríquez, que é hacia onde vai a rede de saneamento, e así non xenerar estos problemas citados á nave particular por onde vai na actualidade. Antes de facer o proxecto necesario para esta obra, aos técnicos municipais se lle plantexan dúbidas da posibilidade de facer esta actuación por descoñecer si ahi desnivel suficiente para elo, e polo tanto son necesarios uns traballos topográficos previos, que nos permitan facer a comprobación dos niveis. O Concello carece de medios persoais e técnicos axeitados para a realización da medición topográfica que se precisa realizar, polo que se propón a contratación de traballos de topografía.

Solicitouse oferta á empresa de topografía OFTEFOR, CB achegando un orzamento de 484,00 (ive engadido).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o orzamento de OFTEFOR, CB, cun importe de 484,00 (ive engadido) con cargo á partida 160-22799, para a realización dos traballos topográficos en rúa Vilar Ponte para comprobación de niveis para a instalación de colectores da rede de pluviais e a renovación da rede de saneamento da rúa Vilar Ponte.

### **PRP2023/0716**

Dáse conta da seguinte proposta do encargado de mantemento:

No auditorio municipal produciuse unha fintración de auga no paramento inferior da fachada que da fronte ao porto de Vilagarcía de Arousa, que provocou un deterioro nos paneis de madeira que recobren dita fachada, que nestes momentos corre perigo de desprendemento.

Polo servizo municipal de obras tense previsto realizar traballos consistentes na retirada do panel afectado, de dimensións aproximadas 2,50x1,25 m. Dada a altura á que se atopa o citado panel é preciso montar unha estada nunha altura de 2 metros.

Este concello non dispón do material, nin de persoal necesariso para amontaxe da citada estada,

así como para a elaboración do plan de montaxe e certificación da instalación, polo que se solicitou orzamento par ao subministro, montaxe e desmonte á empresa especializada Baygar, S.L. que presentou un prezo de 2.402,94€ iva engadido.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Baygar, S.L. o subministro, instalación, certificado de instalación e desmontaxe de estada para obras de reparación no auditorio municipal, por importe de 2.402,94€ (iva engadido), con cargo á partida 334-203.

#### **PRP2023/0717**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dunha placa para sinalizar a Avda. Doutor Tourón presentado pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL, por un importe total de 287,19 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601 para unha placa en metacrilato con fondo gris escuro e letras en branco.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0718**

Dáse conta do escrito de Don Marcos Mera Barcala e Don Martín Rey Vázquez (ficticio), solicitando autorización e colaboración municipal, para a realización un evento deportivo na Praza II República o 5 de Agosto de 2023 (de carácter ficticio)

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Así mesmo acordáse aprobar a colaboración municipal coa cesión de 2 vallas, colocación de 2 puntos de luz, 3 carpas de 3x3m, cesión dun equipo de música con altavoz e micrófono.

Dar conta ao servizo de Obras e Alumeado Público.

#### **PRP2023/0719**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga no tellado do Centro Educación Infantil Bamio por un importe total de 3.509,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0721**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga no tellado do Centro de Formación de Matosinhos por un importe total de 2.662,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 241-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0722**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de humedades nas paredes do baño da Casa Doctor Carús de Trabanca Badiña, coa colocación dun friso de PVC, para o seu asilamento, por un importe total de 2.541,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 231-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0723**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Moncosa OHS, S.A. para a substitución da tubaxe de saneamento na intersección da Avda. Dr. Tourón coa Rúa Agustín Romero, por un importe total de 3.695,34€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0724**

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa ESMECAL, S.L., para a reparación do vehículo matrícula 8511BGT, adscrito ao Servizo de alumeado público, por un importe total de 3.593,70€ (IVE incluído), con cargo á partida 165.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0725**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 4.360,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103. (4.000l. a 1,09€/l)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0726**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

orçamento presentado por Gasocentro Caldas, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para a Casa de Cultura de Sobradelo, por un importe total de 327,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-22103. (300l. a 1,09€/l)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/0729**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade para aprobar o mantemento do sistema público de aluguer de bicicletas Vaibike do Concello de Vilagarcía de Arousa:

O Vaibike é un servizo público de aluguer de bicicletas do Concello de Vilagarcía de Arousa, para que toda a cidadanía poida acceder á mobilidade en bicicleta pola cidade sen ter que asumir os custos de mercar unha bicicleta. Co fin de contribuír a unha mobilidade máis sostible e saudable no noso Concello, a Concellería de Urbanismo e Mobilidade instalou 16 estacións de bicicletas en distintos puntos da cidade.

Este servizo precisa un constante mantemento e para iso, mentres non se saca este servizo a licitación, precísase levar a cabo este servizo de forma provisional.

Para o mantemento e a vixilancia das estacións e as bicicletas encargouse provisionalmente os traballo de vixilancia, de conservación, de limpeza, de reparación e substitución á empresa Moto Bazar, levada por ROCÍO LOUZÁN BLANCO con NIF 35453018J, unha empresa especializada na reparación e mantemento de bicicletas, por un importe mensual de 2.490,00€ máis 21 % I.V.E, cunha duración de 6 meses e mentres non se liciete o servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do presuposto de ROCÍO LOUZÁN BLANCO (NIF 35453018J) por importe de 2.490,00€ máis 21% I.V.E., con cargo á partida 134-22799.

### **PRP2023/0728**

Dáse conta do escrito de Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas, de 3 metros, na rúa Avelina Nogueira con motivo do enterro da sardiña o día 25 de febreiro de 2023. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2023/0674**

Dáse conta do escrito de JOSE FAJARDO SL, solicitando autorización para instalar unha Foodtruck de 5 metros de largo y 2,5 de ancho na Praza de Galicia os días 1, 2 e 3 de marzo de 2023 de 12:00 a 15:00 e 16:30 a 19:30 horas, co fin de promocionar os produtos do mar galegos.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2023/0714**

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Asociación de Atención Temperá, por importe de 1.200,00€ para o mantemento e a realización das actividades no local cedido temporalmente polo Concello de Vilagarcía de Arousa, no edificio da Antiga Aduana, con cargo á partida orzamentaria 231.489.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

### **EMPREGO**

#### **PRP2023/0731**

Dáse conta dos escritos presentados pola Asociación de Comerciantes Zona Aberta, no que solicitan permiso e colaboración do Concello para a realización de diversas actividades de promoción do comercio durante o ano 2023:

- Sábado 4 de marzo na praza de Galicia en horario de 10:00h a 20:00h, a cuarta edición de mercar na rúa, con fin de liquidar esa mercancía que tempos parada nos nosos almacéns.( En caso de choiva aprazaríase para o día 11 ou 18 de marzo).

- Os días 4, 5 e 6 de agosto a 17ª feira de oportunidades Expoferta Zona Aberta 2023, na explanada do auditorio.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración dos eventos citados, e aprobar a colaboración municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2023/0702**

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Turismo:



Son moitas as persoas que se están achegando ao mirador da Cruz de Xiabre, que foi instalado no mes de setembro do pasado ano.

É preciso sinalizar polo menos un dos diferentes accesos que ten.

A Concellería optou polo que parte da Avda. Rosalía de Castro, no cruce coa rúa San Xosé. Aquí se precisan dúas sinais, unha en cada sentido da dirección da circulación.

A seguinte colocárase no cruce da Rúa García Hermo coa Rúa Xiabre, onde xa está colocada unha sinal de “punto limpo” e outra de “canceira municipal”

Logo colocárase outra na Rúa Xiabre logo de cruzar a ponte sobre a vía VG-47.

A seguinte e última estará no cruce cara o punto limpo e a cancela

E na desviación que logo hai que tomar para xa continuar por camiños de terra ata o miradoiro, colocárase un punto de información de madeira.

Esas sinais serán colocadas nos postes que xa soportan outras indicacións, algunhas das cales, como é o caso das de cancela municipal e do punto limpo, que non cumpren coa normativa actual,, van ser reemplazados por outros acordos coa mesma.

Solicitouse presuposto á empresa GIRODSERVICES, S.L. que presenta o que se achega, que ascende a 3.371,10€ IVE engadido, e que inclúe as seguintes sinais:

| MODELO               | UNIDADES | IMPORTE (S/IVE) |
|----------------------|----------|-----------------|
| V0054.0001           | 9        | 623.94          |
| V0004.418            | 2        | 228.56          |
| V0012.0018           | 1        | 16.39           |
| V0012.0013           | 8        | 104.12          |
| V0121.0017           | 1        | 137.84          |
| V0009.0001           | 1        | 33.38           |
| V0119.0001           | 1        | 1590.43         |
| PORTES               |          | 51.37           |
| TOTAL BASE IMPOÑIBLE |          | 2786.03         |
| IVE                  |          | 585.07          |
| TOTAL                |          | 3.371,10 €      |

Esta proposta de sinalización xa foi trasladada á Policía Local, que mostrou a súa conformidade.

A Xunta de Goberno Local acorda a realización desta actuación e a aceptación do presuposto da empresa GIRODSERVICES, S.L, por importe de 3.371,10€ con cargo á partida 432-22199.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2023/0656**

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM ten previsto facer a lectura do Manifesto o día 8 de marzo na porta do Concello, como todos os anos. Este ano temos previsto que o Manifesto sexa tamén interpretado en lingua de signos, a fin de favorecer a integración das persoas con disfuncionalidade auditiva nos actos de promoción da igualdade.

Asemade dentro do programa de actividades vaise proxectar o venres día 10, en colaboración co cine club Adega a película Cinco lobitos.

O 8 de Marzo é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das discriminacións que as mulleres aínda están a sufrir polo feito de ser mulleres, e a súa loita pola igualdade formal e real.

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos:

CINE CLUBE ÁDEGA (G36018513), por importe de 484,00 (exento IVE), con cargo á partida 2312.22615, pola proxección o día 10 de marzo do filme "Cinco Lobitos" no Salón García.  
FEDERACIÓN DE .ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS GALICIA (G15068091), por importe de 68,73 (exento IVE), con cargo á partida 2312.22610, polo servizo de interpretación de Lingua de Signos para a "Lectura do Manifesto" o día 8 de marzo, ás 12:00 horas na porta principal do Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

### **PRP2023/0737**

Dáse conta da publicación no DOG Núm. 24 do Venres, 3 de febreiro de 2023 da ORDE do 12 de xaneiro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT211B).

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a participación na convocatoria de subvencións ao abeiro da citada Orde para adquisición de equipamento para a Concellería de Cultura.

Segundo. Aprobar os seguintes orzamentos e a solicitude de subvención polo 90% do prezo do equipamento:

- Proxector EPSON 8500 LM: LENTE, por un importe de 9.100,00 € sen IVE, máis IVE (21%), dando un importe total (IVE incluído) de 11.011,00 €

- 13 focos teatro Lez e 13 portafiltros, por un importe de 7.150,00 sen IVE, máis IVE (21%), dando un importe total (IVE incluído) de 8.651,50 €

Terceiro. Facultar o Técnico de Cultura para a presentación telemática da solicitude.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/0658**

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para aprobación de addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación denominada "Reforma de Local na rúa Castelao 7, para biblioteca Municipal", no marco do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa REACPON.

Con data 19 de xaneiro de 2022, este concello asinou coa Deputación de Pontevedra un convenio de colaboración para a execución das obras descritas no proxecto técnico denominado “Reforma de local na Rúa Castelao, 7 para Biblioteca Municipal”, no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia), de conformidade co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do referido programa.

Sendo necesaria a súa modificación, pola Deputación de Pontevedra achégase addenda ao citado convenio de colaboración que inclúe as seguintes cláusulas:

**“PRIMEIRA. VIXENCIA**

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de decembro de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de maio de 2024.”

**SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO**

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.”

Visto o anterior,

A Xunta de Goberno Local acorda:

